



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES LAMAS DE CASTELO

Lamas de Castelo, s/n - Pedrafigueira  
15293 – CARNOTA  
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205  
ies.lamas.castelo@edu.xunta.es  
<http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo>



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

Curso académico 2018/19

Departamento de Música

# Programación didáctica

---

## Música

### 3º de ESO

# Índice

1	<a href="#"><u>Introducción e contextualización</u></a> .....	3
2	<a href="#"><u>Obxectivos para Música</u></a> .....	3
3	<a href="#"><u>Estándares de aprendizaxe avaliáveis</u></a> .....	4
4	<a href="#"><u>Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado</u></a> .....	13

## 1 Introducción e contextualización

Esta é a programación de Música de 3º de ESO para o ano académico 2018/19, que será impartida no IES Lamas de Castelo. Está redactada tendo en conta o marco legislativo establecido por:

- [Lei Orgánica 2/2006](#), do 3 de maio, de Educación (LOE)
- [Lei Orgánica 8/2013](#), do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- [Decreto 86/2015](#), do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- [Orde ECD/65/2015](#), de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación primaria a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- [Orde do 15 de xullo de 2015](#) pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta
- [Real Decreto 665/2015](#), de 17 de julio, por el que se desarrollan determinadas disposiciones relativas al ejercicio de la docencia en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato, la Formación Profesional y las enseñanzas de régimen especial, a la formación inicial del profesorado y a las especialidades de los cuerpos docentes de Enseñanza Secundaria
- [Resolución do 27 de xullo de 2015](#), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/1361/2015, de 3 de xullo (BOE 9 de xullo 2015) nos aspectos de avaliación.
- [Orde do 21 de decembro de 2007](#) pola que se regula a avaliación na ESO (DOG do 7 de xaneiro de 2008) e [Orde do 23 de xuño de 2008](#), pola que se modifica esta (DOG do 24 de xuño)

O IES Lamas de Castelo conta durante este curso con 85 alumnos/as e 17 docentes. Música de 3º de ESO organízase nun grupo de 17 alumnos/as e será impartida por Elda Pérez Fernández.

Música de 3º de ESO pertence ao bloque de materias específicas e correspóndenlle 2 horas semanais.

## 2 Obxectivos para Música

Os obxectivos son referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin. A partir dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria, establécense os seguintes:

1. Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e dispositivos electrónicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión.
2. Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a creación, a interpretación vocal e a instrumental, o movemento e a danza, tanto de forma individual como en grupo.
3. escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e gozo persoal, interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.
4. Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, recoñecendo as súas intencións e funcións e aplicando a

- terminoloxía apropiada para describilas e valoralas criticamente.
5. Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información -medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos- para o coñecemento e gozo da música.
  6. Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a produción musical, valorando a súa contribución ás distintas actividades musicais e á aprendizaxe autónoma da música.
  7. Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas nos diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas contribucións dos demais.
  8. Comprender e valorar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e o significado da música en diferentes producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.
  9. Elaborar xuízos e criterios persoais, mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música, sexa cal sexa a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiás e valorando a contribución que a música lle proporciona á comunidade.
  10. Valorar o silencio e o son como fenómenos naturais e como elementos musicais, tomando conciencia da súa función como parte integral do ambiente e utilizando coñecementos da ecoloxía acústica para aproximarse a paisaxes sonoras de diferentes épocas e espazos para combater a polución sonora.

### **3 Estándares de aprendizaxe avaliáveis**

Os estándares de aprendizaxe son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuir a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

O grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe descríbese nunha escala de 1 a 4 co seguinte significado:

- 1: En vías de adquisición.
- 2: Adquirido.
- 3: Avanzado.
- 4: Excelente.



Departamento de

Música. 3º de ESO						
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización en UD	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
<b>Bloque 1. Interpretación e creación</b>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Repaso dos elementos da representación gráfica da música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ UD1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba escrita</li> <li>▪ Proba práctica</li> <li>▪ Observación diaria/registro</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Textura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ UD1 e 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Proba escrita</b></li> <li>▪ Proba práctica</li> <li>▪ Observación diaria/registro</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Procedementos compositivos e formas de organización musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ UD 1 e 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Proba escrita</b></li> <li>▪ Proba práctica</li> <li>▪ Observación diaria/registro</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Experimentación e práctica das técnicas do movemente e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemente, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.</li> <li>▪ B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</li> <li>▪ B1.6. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</li> <li>▪ MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.</li> <li>▪ MUB1.4.3. Practica a relaxación, a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ UD 3 e 4</li> <li>▪ UD 3 e 4</li> <li>▪ UD 3 e 4</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> <li>▪ 2</li> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación diaria/registro</li> <li>▪ Proba práctica</li> <li>▪ Observación diaria/registro</li> <li>▪ Proba práctica</li> </ul>

Departamento de

Música. 3º de ESO						
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización en UD	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
<p>e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.</li> <li>▪ B1.8. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.</li> <li>▪ B1.9. Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.</li> </ul>		<p>respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</p>				<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación diaria/rexistro</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba práctica</li> <li>▪ Observación diaria/rexistro</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba práctica</li> <li>▪ Observación diaria/rexistro</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Amosar interese polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba práctica</li> <li>▪ Observación diaria/rexistro</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba práctica</li> <li>▪ Observación diaria/rexistro</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.</li> <li>▪ B1.12. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba práctica</li> <li>▪ Observación diaria/rexistro</li> <li>▪ Proba teórica</li> </ul>

Departamento de

Música. 3º de ESO						
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización en UD	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.	contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proba práctica</li> <li>Observación diaria/rexistro</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación diaria/rexistro</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/a director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación diaria/rexistro</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación diaria/rexistro</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.13. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.7.1. Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación diaria/rexistro</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación diaria/rexistro</li> </ul>
Bloque 2. escoita						
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación diaria/rexistro</li> </ul>



Departamento de

Música. 3º de ESO						
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización en UD	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
		música.				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.</li> <li>▪ B2.3. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación diaria/rexistro</li> <li>▪ Proba práctica</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e a creación musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación diaria/rexistro</li> <li>▪ Proba práctica</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.</li> <li>▪ B2.6. Música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e de outras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.4.1. Aмосa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación diaria/rexistro</li> <li>▪ Proba práctica</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación diaria/rexistro</li> <li>▪ Proba práctica</li> <li>▪ Proba teórica</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.</li> <li>▪ B2.8. Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba teórica</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	

Departamento de

Música. 3º de ESO						
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización en UD	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
coñecemento e enriquecemento intercultural.	repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.	musical. ▪ MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	▪ CCL	▪ Todas	▪ 2	
Bloque 3. Contextos musicais e culturais						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.</li> <li>▪ B3.4. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relacións con épocas da historia da música e con outras disciplinas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba teórica</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ UD 4 e 8</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba teórica</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba teórica</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.</li> <li>▪ B3.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballo do trimestre</li> </ul>

Departamento de

Música. 3º de ESO						
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización en UD	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
música e a satisfacción con ela.						
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.7. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.</li> <li>B3.8. Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.</li> <li>B3.4. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proba teórica</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.</li> <li>MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas</li> <li>Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2</li> <li>2</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.9. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.5. Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación e rexistro diario</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación e rexistro diario</li> <li>Proba teórica</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.10. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.6. Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Traballo do trimestre</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2</li> </ul>	

Departamento de

Música. 3º de ESO						
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización en UD	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 4. Música e tecnoloxías						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.</li> <li>▪ B4.2. Aplicación de diferentes técnicas de gravación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.</li> <li>▪ B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.</li> <li>▪ B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e na gravación de pezas musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	
				<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballo do trimestre</li> </ul>

## Unidades Didácticas

Nº	Título	Descrición	Duración (Nº sesións)	Temporalización (Trimestre)
0	Presentación	Información xeral básica sobre a programación, actividades, material, ...	1	1º
1	A música: un pacer	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O mundo da música</li> <li>• Linguaxe musical</li> <li>• Interpretación e creación: voz</li> <li>• Interpretación e creación: instrumentos</li> <li>• A música en contexto</li> <li>• O noso debate/Unha curiosidade</li> </ul>	3	1º
2	A música: unha función. Repaso da linguaxe musical.		6	
3	Idade media		8	
4	Renacemento		10	1º
5	Barroco		10	2º
6	Clasicismo		8	2º
7	Romanticismo		8	3º
8	Século XX		8	
9	Música e tecnoloxías	Busca de información. Creación dixital. Gravacións.	4+ 5	2º e 3º

O número de sesións pode variar sensiblemente en función do desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares.

### 4 Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado.

Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Para este curso pode extraerse da táboa do apartado 3.

Avaliación do trimestre	% da cualificación do trimestre
Proba escrita (preguntas cortas e tipo test)	40,00%
Probas prácticas (media de todas)	30,00%
Observación rexistro diario (esforzo, traballo diario, actitude, ...): media aritmética de todas as cualificacións recollidas pola profesora no seu caderno de clase)	20,00%
Traballo do trimestre	10,00%
<b>Proba de setembro</b>	<b>%</b>
Proba escrita	60,00%
Proba práctica	40,00%